

CIRCULAR 264

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

MARZO 2017

A IGUALDADE DE
HOMES E MULLERES.
UNHA DÉBEDA HISTÓRICA

8 DE MARZO,
DÍA INTERNACIONAL
DA MULLER

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación e Responsable da páxina web



José Manuel Oreiro Blanco

Secretario / Responsable de Cadernos de Psicología e Coordinador coas Seccións de Psicología da Intervención Social e Xurídica



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaría / Responsable de Emprego e do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa, Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicología Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



Marta Rivas Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicología e Saúde



Alejandra Fernández Rodríguez

Vogal

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 265 e sairá a principios do mes de maio de 2017.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de abril de 2017.

5	Información Xeral
14	Información das Seccións
20	Grupo de Tráfico e Seguridade
21	GIPCE
23	Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo
24	Comisión de Ética e Deontoloxía

Editorial

Atención psicolóxica na Primaria: unha necesidade urxente

A nova chegaba desde Cataluña, que neste mes de febreiro o seu Parlamento aprobaba a incorporación da psicoloxía clínica nos servizos de Atención Primaria. Antes, aprobouse noutras comunidades autónomas, como Madrid, ou a través de programas piloto, como en Asturias. Diriximos a ollada ao Servizo Galego de Saúde e pensamos: non sexamos os últimos en coller este tren. Non custa argumentar os motivos polos que a psicoloxía clínica ten que estar no primeiro nivel asistencial do sistema de saúde. De cada tres consultas que se atenden na Primaria, unha ten que ver con desordes emocionais ou teñen unha compoñente psicolóxica. Ademais, son a segunda causa de baixas laborais. Poder atallar problemáticas a nivel temperán a través da atención psicolóxica e non exclusivamente con psicofármacos, como se fai na actualidade, permitiría un importante aforro para as arcas públicas, ademais dunha mellora da calidade asistencial e, en definitiva, un importante beneficio para a saúde da cidadanía.

En cambio, as ridículas cifras da atención psicolóxica na rede pública galega (AEN, profesionais da saúde mental estima que hai 1,2 psicólogos/as clínicos por cada 100.000 habitantes, catro veces menos que a media estatal e 18 veces por baixo da europea) teñen unha dobre consecuencia. Por unha banda, a

atención psicolóxica só existe nun nivel especializado, que debería estar dedicado a patoloxías e trastornos de maior complexidade. Por outro, as listas de espera son inmensas, co que o período interconsulta esténdese a meses, volvendo ineficaz toda terapia que pretenda aplicarse. E quen poida, vese na obriga de acudir á privada; quen non poida, seguirá a consumir psicofármacos e cronificando –ou intensificando– trastornos que poderían ter outra saída.

Coa crise económica e ao abeiro xurídico de leis como a da racionalización do sector público autonómico (2014), a Administración autonómica atopa amparo para a inacción. Pero é cuestión de vontade. Cando o Plan Estratéxico de Saúde Mental quedou gardado nun caixón, cando se convocan tres insuficientes prazas para a especialidade de psicoloxía clínica na Oferta Pública de Emprego do SERGAS, cando se precariza a atención psicolóxica a través de convenios externos que limitan a autonomía profesional e que non ofrecen as garantías esixidas no sector público, non estamos a falar de crise. Falamos de que a atención á saúde mental é a filla pobre do sistema sanitario público.

De haber vontade e compromiso político, teríamos unha estratexia e a psicoloxía clínica estaría na atención primaria e, desde logo, reforzaríase na atención especializada. Cunha prevalencia tan alta de trastornos psicolóxicos, debemos poñer orde na atención sanitaria pública. Construamos unha verdadeira rede na que traballar en equipo; onde cada trastorno poida ser atendido no plano asistencial que lle corresponde, coa colaboración entre os distintos profesionais da saúde.

Non son intereses corporativistas: é unha cuestión de saúde pública. Desde o COPG, mantemos esta reivindicación histórica que herdamos desde a constitución do noso colexio, e continuaremos a defendela diante das administracións públicas, porque o feito de que a atención psicolóxica non estea garantida na rede pública é unha inxustiza social e un síntoma de atraso como sociedade.

Relacións Institucionais

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

■ Mantivo unha xuntanza o 12 de xaneiro na sede do COPG coa secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, e coa subdirectora xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, M^a Belén Liste Lázara, xunto coa coordinadora do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) do COPG, Fátima López Rodríguez, e xunto co coordinador do Programa «Abramos o Círculo», Rubén Villar Trencó, para tratar temas en materia de xénero e igualdade e de colaboración entre ambas institucións.

■ Xunto co secretario do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, a presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, M^a Jesús López Cernadas, e o colexiado Santiago Porta Dovaló G-0166, mantiveron unha xuntanza con representantes do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia de cara a reflexionar sobre a situación dos servizos sociais en Galicia que compete aos tres colexios profesionais, celebrada o 30 de xaneiro.

■ Asistiu á reunión da Asemblea Xeral Extraordinaria de Unión Profesional de Galicia celebrada o 3 de febreiro en Santiago de Compostela.

■ Mantivo xunto coa vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, unha reunión o 8 de febreiro co director xeral de Emerxencias e Interior, Luis Menor Pérez, co subdirector



De esquerda a dereita: Rubén Villar Trencó, Fátima López Rodríguez, M^a Rosa Álvarez Prada, Susana López Abella e M^a Belén Liste Lázara



Durante a celebración da reunión co COTSG e CEESG

xeral de Planificación e Protección Civil da Xunta de Galicia, José Antonio Grandas Arias, e o xefe de servizo de Protección Civil, Pedro Luis Sánchez Castro. Nesta xuntanza abordáronse as liñas técnicas do convenio de colaboración para 2017 entre ambas as dúas institucións en materia de protección civil.

A colexiada Rocío García Calvo acudiu o 31 de xaneiro á xuntanza extraordinaria do Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela, entidade na que é representante o COPG.

En representación do Colexio

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada participou:

■ Xunto co vicedecano, Hipólito Puente Carracedo, na homenaxe do expresidente de Unión Profesional de Galicia, José María Arrojo Fernández, organizada por Unión Profesional de Galicia, celebrada o 16 de decembro en Santiago de Compostela.

■ Na presentación da «II Edición do Proxecto Mentoring USC. Desenvolvemento Profesional» que tivo lugar o 1 de febreiro en Santiago de Compostela.

■ Na rolda de prensa para presentar o «Protocolo municipal de prevención e atención das persoas afectadas por desafiuzamentos», celebrada o 9 de febreiro en Santiago de Compostela. Na rolda de prensa participaron os tres Concellos promotores, Santiago de Compostela, Ames e Teo, da iniciativa e os tres Colexios Profesionais que formaron parte da Mesa de Traballo (o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela) que orientaron e asesoraron na elaboración deste Protocolo.





Mª Jesús López Cernadas

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Mª Jesús López Cernadas, participou nas «Xornadas sobre saúde e discapacidade intelectual: inclusión somos todos», organizadas pola Federación Galega de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGa Plena inclusión Galicia), o 17 de decembro en Santiago de Compostela.



Eva Muíño Gómez

A vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, acudiu á xuntanza polo Pacto Local de Mobilidade da Concellaría de Espazos Cidádáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade do Concello de Santiago de Compostela, o 27 de decembro.

Celebrouse unha reunión do Grupo de Traballo entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia da Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo do COPG, na que se tratou a posta en común das achegas sobre abordaxe do tratamento de sufrimento humano nos medios de comunicación, o 4 de febreiro na sede do COPG.

A vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, María Lueiro Mendoza, impartiu a charla «Autocoñecemento: aprender a valorarse e a querer-se máis», organizada polo Concello de Vedra (A Coruña) o 9 de febreiro.

O COPG e o Consejo General de la Psicología



José Luis Domínguez

O coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da Xunta Directiva da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e os Recursos Humanos (PTORH) que tivo lugar os días 3 e 4 de febreiro en Madrid.

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología o 11 de febreiro en Madrid.



M^a Rosa Álvarez Prada

Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia figura inscrito no Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación do Ministerio de Justicia. Trátase dun Rexistro de carácter público e informativo que pretende facilitar o acceso da cidadanía á mediación como medio para solucionar controversias. Un dos obxectivos da Institución de Mediación é potenciar e concienciar a cidadanía das múltiples vantaxes da mediación e levala a outros ámbitos como o penal ou o mercantil.

Rosa de Cen Follas

O 13 de decembro fíxose o acto de entrega dos premios da «IX Edición do concurso literario do COPG Rosa de Cen Follas». Na modalidade de poesía, a galardoada este ano é Rocío Leira Castro, mentres que na categoría de narrativa, a autora recoñecida é Charo Cuba Penabad. Tamén se fixo entrega dunha mención especial na modalidade de poesía a Miguel A. Alonso Fernández, e na modalidade de narrativa a Sandra Cereijo Romero. A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, o vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, e a coordinadora da Comisión de Cultura do COPG e vogal da Xunta de Goberno, M^a Concepción Rodri-



guez Pérez, fixeron entrega dos recoñecementos, acompañados dun premio en metálico para as premiadas en cada modalidade e da tradicional rosa conmemorativa.

Asembleas Xerais de Colexiados e Colexiadas

■ O 13 de decembro celebrouse sesión ordinaria da Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG. Na xuntanza presentouse o informe sobre a actividade da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG en 2016, e aprobouse o nomeamento de Margarita de la Calle Bermejo, colexiada G-3023, como nova vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía do Colexio, e tamén se acordou que Irene Martínez Montero, colexiada G-2957, deixe de ser vogal da Comisión para pasar a ser a secretaria da mesma. Aprobáronse tamén os orzamentos do COPG para 2017.

■ Apreciado que se produciu un erro en referencia ao punto terceiro da orde do día da Asemblea Xeral de colexiados e colexiadas do COPG celebrada o 13 de decembro pasado no Salón de Actos do Colexio, consistente no equivoco nos apelidos e número de colexiada da vogal enunciada, non coincidindo coa proposta aprobada na xuntanza de 29 de novembro de 2016 da Xunta de Goberno, de acordo cos artigos 28 apartado e), 58 e 59 dos Estatutos, iniciouse a revisión de oficio do acto e procedeuse á suspensión do mesmo, deixando sen efecto o citado acordo, en concreto: Proposta e aprobación, se procede, da cooptación dun novo membro da Xunta de Goberno do COPG e nomeamento de secretario, con obxecto de suplir a baixa producida na mesma.

■ O 10 de xaneiro tivo lugar a xuntanza extraordinaria da Asemblea Xeral de colexiados e colexiadas do COPG, na que se aprobou a cooptación dun novo membro da Xunta de Goberno, Alejandra Fernández Rodríguez, colexiada G-1540, como vogal, e o nomeamento de José Manuel Oreiro Blanco, colexiado G-1285, como secretario da Xunta de Goberno.

Informe da Actividade do COPG 2016

Co fin de que teñas coñecemento da actividade que se desenvolve desde a Xunta de Goberno do COPG, elaboramos este resumo que recolle as principais iniciativas e accións de 2016. Pódese acceder ao informe no seguinte enlace: <https://copgalicia.gal/pdf/informe-da-actividade-do-copg-2016>.

Trixésima Segunda Edición do FOCAD

O 16 de xaneiro deu comezo a Trixésima Segunda Edición do FOCAD, un programa de Formación Continuada a Distancia do Consejo General de la Psicología, cos seguintes bloques de materiais que os colexiados e colexiadas interesados poderán descargar e imprimir para o seu estudo ata o 31 de marzo de 2017:

- **A mediación en psicoloxía.**
- **As redes sociais na intervención comunitaria.**
- **Tratamento grupal dos homes condenados por un delito de violencia de xénero.**

Podes acceder a través de <http://www.cop.es/index.php?page=focad>.

Convocatoria Concurso-Oposición para o Sergas

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, informamos da convocatoria de concurso-oposición para tres prazas de psicólogo/a especialista en psicoloxía clínica.

Pódese acceder ao DOG Nº 7 no seguinte enlace:

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170111/AnuncioG0003-291216-0005_gl.html.

O COPG condena a Violencia Contra a Muller

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia expresa a súa máis rotunda condena aos asasinatos machistas ao tempo que desexa trasladar a súa solidariedade e as súas condolencias ás familias e ás persoas achegadas das vítimas.


Axudas á Formación para Colexiados e Colexiadas en Situación de Desemprego

A Xunta de Goberno do COPG acordou subvencionar os colexiados e colexiadas en situación de desemprego con catro bolsas completas por cada curso de formación que organice o Colexio. O acceso á bolsa gratuíta establécese tendo en conta a suma dos seguintes parámetros:

1. Tempo de colexiación en días.
2. Tempo que se leva inscrito como demandante de emprego en días ata o día anterior á celebración do curso.

Non se poderán conseguir máis de dúas bolsas gratuítas por ano natural.

Estas bolsas comezarán a adxudicarse a partir do 1 de marzo de 2017.



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

ASESORÍAS

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

Información acerca da Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Neuropsicoloxía Clínica

Informámosche de que o Consejo General de la Psicología puxo en marcha a Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Neuropsicoloxía Clínica.

A tramitación en Galicia, a efectos de presentación de solicitudes e de recollida de documentación, realízase a través do Colexio Oficial de Psicología de Galicia. Para solicitala é preciso presentar os formularios e a documentación acreditativa de formación e/ou experiencia específica en neuropsicoloxía que se recolle na seguinte páxina web: <http://www.acreditaciones.cop.es/>. A súa valoración será efectuada polo Comité de Valoración do COPG e posteriormente a certificación será emitida polo Consejo General de la Psicología.

As solicitudes poderán presentarse ao longo de todo o ano 2017. O procedemento de acreditación, no que se detallan os criterios e requisitos para a presentación das solicitudes, está dispoñible na seguinte páxina web: <http://www.acreditaciones.cop.es/>

Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicología de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa> e <http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia

in LinkedIn: <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolog%C3%ADa-Galicia-4811703/about>

Orzamentos e Cotas Colexiais de 2017. Informacións.

A Asemblea Xeral de Colexiados/as celebrada o pasado 13 de decembro aprobou os orzamentos do Colexio para 2017. No transcurso da mesma o tesoureiro notificou que para este ano a Xunta de Goberno tomou o acordo de conxelar todas as cotas e taxas colexiais logo do esforzo que supuxo para todos e todas nós o incremento de 2016. Con esta medida, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia segue a ser un dos colexios máis económicos do Estado.

De cara ao ano 2017, a Xunta de Goberno tomou tamén o acordo de dedicar o resultante da liberación de efectivo que para a tesourería colexial supón a cancelación da hipoteca do local a partir de marzo, a subvencionar os Colexiados e Colexiadas en situación de desemprego con catro bolsas completas por cada curso de formación que organice o Colexio, que veñen a sumarse á redución do 50% que xa se viña aplicando ata o de agora.

CARNÉ DE COLEXIACIÓN

–
Pola defensa
da profesión

–
Pola loita contra
o intrusismo

–
Para outorgarnos forza
e representatividade
como colectivo

–

O teu número de colexiación ten moito valor faino ver

APELIDOS NOME

G-7542
Número de Colexiado/a

5562
Número de rexistro

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Nome Apelido Apelido

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Actividades formativas:

A Sección de Psicoloxía Xurídica celebrou o pasado 28 de xaneiro o Obradoiro «**Tratamento penitenciario dos delitos de violencia de xénero. É posible a reeducación social?**» A coordinación estivo a cargo de Concepción Fernández Martínez, vogal da Sección, e foi impartido por Víctor Fraga Gayoso, director de programas no C.P. Monterroso e colaborador/relator da UNED, da Escola Nacional de Sanidade e do Centro Estudos Penitenciarios. Así mesmo, ten desenvolvido labores de consultaría externa de programas de cohesión social en América Latina EUROSOCIAL II. O obradoiro desenvolveuse cunha metodoloxía participativa e tivo como obxectivo identificar e definir as formas de violencia que se exercen sobre as mulleres, entender a violencia de xénero como un problema que afecta a toda a cidadanía, coñecer os programas de intervención para a modificación de conduta dos agresores penados en España; e reflexionar sobre a conduta dos agresores e desenvolver habilidades para afrontar a intervención.

Por outra parte, coa finalidade de impartir formación específica, o pasado 11 de febreiro celebrouse o «Obradoiro sobre Neuropsicoloxía Forense», centrándose o mesmo na elaboración de informes periciais en casuísticas relacionadas co dano cerebral así como nos métodos de avaliación propios, específicos e adaptados da neuropsicoloxía. Tivo lugar na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e foi impartido por Candela Gracia Morilla, Licenciada en Psicoloxía, colexiada no COP Andalucía Occidental e docente na Universidade Pablo de Olavide de Sevilla, para o dobre grao de Criminoloxía e Dereito. O obradoiro desenvolveuse a través de



Momento do Obradoiro



Momento do Obradoiro de Neuropsicoloxía Forense



Durante Obradoiro:
Programas de intervención
en Violencia Filio-Parental

*Enlace ao apartado da
Sección de Psicoloxía
Xurídica da páxina web
do COPG:
[https://copgalicia.gal/
seccions/xuridica](https://copgalicia.gal/seccions/xuridica)*

traballos en grupo e foi coordinado por María Filomena Garrido Blanco, tesoureira da Sección.

Así mesmo, coa finalidade de aprofundar na realidade da Violencia Filio-Parental e coñecer algúns dos modelos de intervención máis interesantes que se están a desenvolver en todo o Estado, o pasado 18 de febreiro organizouse o Obradoiro «Programas de Intervención en Violencia Filio-parental». Celebrouse no Centro Municipal de Teis (Vigo). A actividade estivo impartida por María González Álvarez, doutorada en Psicoloxía Clínica, Legal e Forense pola Universidade Complutense de Madrid, e Juan Luis Basanta Dopico, educador e director de centros de Reforma e Protección de Menores, na actualidade, psicólogo do Xulgado e Fiscalía de Menores de Ourense.

Esta formación tiña por obxectivo principal aprofundar na realidade da Violencia Filio-parental e coñecer algúns dos modelos de intervención máis interesantes que se están a desenvolver en todo o Estado. A coordinación estivo a cargo de Ricardo Fandiño Pascual, vogal da sección.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Comunicado da Sección

A Sección está a organizar sesións formativas complementarias ao curso de Psicoloxía de Intervención Comunitaria I que rematou o pasado decembro de 2016. Co fin de achegar os contidos á necesidade das persoas interesadas en continuar coa formación estase a elaborar un cuestionario para que cada persoa colexiada indique as súas preferencias e demandas. O prazo de envío estará aberto durante todo o ano. Desde a Sección animamos a participar activamente nesta e noutra formación ou actividades que consideredes precisas e/ou que se boten en falta. Intentamos estar presentes nos ámbitos propios do labor profesional e previr e/ou dar resposta desde a nosa profesión ás situacións persoais e



Durante o Curso de Psicoloxía
da Intervención Social Comunitaria I

sociais das persoas que nos precisen; é a nosa intención achegar todo canto desde o noso labor sexa posible. Para que isto poida realizarse, e xa que non sempre temos coñecemento da realidade puntual, precisamos da colaboración directa das persoas colexiadas, sobre todo da Sección, para que nos acheguen por correo electrónico todas cantas suxestións, propostas ou simplemente información sobre o que consideren e así poder actuar en consecuencia.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/secciones/intervencion-social>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Formación

O día 3 de febreiro coa finalidade de debater e adquirir coñecementos para o desempeño profesional celebrou a xornada formativa «Estratexias para a intervención e inclusión psicoeducativa do alumnado con Trastornos do Espectro Autista» impartida pola psicóloga Marlene Horna Castiñeiras e as mestras de Educación Primaria do C.E.P. Santa Mariña de Redondela, Beatriz López Pires e Amelia Lago Andión, baixo a coordinación da vogal da Sección Nuria Lago Fernández. As docentes no desenvolvemento do programa fixeron unha magnífica exposición das necesidades e características do alumnado afectado por este tipo de trastorno, facendo fincapé na dimensión emocional e educativa dos mesmos e nas súas repercusións a estes niveis.



Xornada sobre estratexias para a intervención e a inclusión do alumnado con TEA

Participación no Grupo de Traballo Psicoloxía e Xornalismo (COPG-CPXG)

A vogal da sección, Concepción López Martín, asistiu o 4 de febreiro á segunda xuntanza do Grupo de Traballo coas achegas elaboradas pola Sección. Fíxose unha posta en común do material achegado por todos os membros do Grupo de Traballo e centrouse o debate no tratamento informativo de casos concretos, como o suicidio e a violencia de xénero.

Destacouse a importancia que ten no caso dos menores a previsión das consecuencias a longo prazo e tamén o pixelado das caras onde aparecen menores.

Participación na Comisión de Xénero do COPG

Asistiu á reunión a tesoreira da sección **Maria Begoña Castro Iglesias** de Xénero celebrada o **día 18 de xaneiro**. En dita Comisión debateuse o programa científico das IX Xornadas Estatais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero que terán lugar o 24 e 25 de novembro en Santiago de Compostela. Na mesma tratáronse, entre outros temas, o relativo ao formato das comunicacións e calendario de presentación. A Sección de Educativa deberá propoñer algún ou algunha relatora para falar nestas Xornadas sobre a discapacidade asociada á violencia de xénero.

Enlaces de interese:

Están á disposición de todos os psicólogos e psicólogas os vídeos das distintas intervencións das **I Xornadas Estatais de Psicoloxía Educativa**, celebradas en Madrid o 28 e 29 de outubro de 2016 baixo o lema «A resposta da Psicoloxía Educativa ao retos educativos na sociedade actual».


Enlace:http://www.infocop.es/view_article.asp?id=6640&cat=8

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/educativa>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Formación prevista

Dado o éxito acadado en edicións anteriores, no mes de xuño terá lugar o curso «**A primeira entrevista en psicoloxía clínica**», a cargo de **Yolanda Castro Casanova**, Facultativa Especialista de Area de Psicoloxía Clínica na Unidade de Rehabilitación Psiquiátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, con ampla experiencia docente e asistencial. A actividade terá lugar en Santiago de Compostela baixo a coordinación de **Carlos Álvarez García**, tesoureiro da Sección. Abordaranse os distintos tipos e fases de entrevista clínica, buscando a optimización da intervención desde o primeiro momento de contacto co consul-



Anuario Nº 7 «O medo»

tante. Terá unha orientación práctica, coa visualización de casos e o uso de xogos de roles.

Formación realizada

Os pasados 17 e 18 de febreiro tivo lugar na sede do COPG en Santiago de Compostela o curso «**Avaliación e intervención neuropsicolóxica nas persoas con Trastorno do Espectro Autista**», impartido por **Cecilia Otero Dadín**, membro do equipo directivo do Centro Interdisciplinar Paso a Paso en Sanxenxo. Licenciada en Psicoloxía, Universidade de Santiago de Compostela (USC), Máster en Neuropsicoloxía Clínica pola USC e Experta en Neuropsicoloxía infantil.

A docente achegou información sobre as dificultades que poden presentar as persoas con TEA nos eidos da cognición social e a autoconciencia, analizando os perfís neuropsicolóxicos típicos nas diferentes funcións cognitivas. Unha vez expostas as ferramentas de avaliación neuropsicolóxica e de intervención, os asistentes analizaron distintos casos clínicos.



Un momento do curso



Anuario Nº 8 «O amor»



Anuario Nº 9 «O Mal»

Novas

O vindeiro mes de agosto publicárase a convocatoria para elixir a **próxima Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde**, presentándose de seguido o **calendario electoral**, de tal xeito que a xornada electoral coincida cas Xornadas da nosa Sección en novembro do presente ano. Tede en conta que só poderán participar como electores nesas eleccións aqueles colexiados e colexiadas que figuren como inscritos/as na Sección de Psicoloxía e Saúde previamente á publicación da convocatoria de ditas eleccións.

Invitación a participar no Anuario da Sección

Desde o Anuario da Sección de Psicoloxía e Saúde invítase a todos os nosos socios e socias a colaborar no seguinte número de dita publicación. Podedes enviar as vosas achegas en formato de caso clínico ou comunicación libre ao enderezo anuario@cop.es, o prazo de recepción dos vosos traballos remata o **31 de maio**.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Foro: sobre a xestión de RR.HH.

A Sección está organizando para o vindeiro 1 de abril un foro e debate sobre aspectos e cambios normativos na xestión de persoas nas organizacións. Co obxectivo de intercambiar impresións sobre os futuros retos o evento contará coa presenza de profesionais da consultaría e responsables do comité técnico que na actualidade están elaborando as normas internacionais que se deberían aplicar no ámbito profesional. Será unha oportunidade para debater sobre procedementos de intervención e boas prácticas nas organizacións. Comunicaranse os detalles de dito acto, o seu programa e forma de inscrición para asistir na web do COPG.



Formación FOCAD en Psicología do Traballo e das Organizacións

Na próxima edición do programa de formación a distancia do Consejo General de la Psicología e a proposta da División de Psicología do Traballo e das Organizacións e Recursos Humanos (PTORH) impartiranse dous cursos de interese profesional que contarán coa participación da Sección. As temáticas elixidas son: supervisión para as competencias Europsy e as contornas saudables en contextos laborais: a intervención desde PTO.

O certificado Europsy Especialista en PTO

Recordamos que xa está activado o procedemento en acreditación da EFPA/COP Especialista en Psicología do Traballo e Organizacións. Todo o relativo aos requisitos esixidos para a obtención do certificado e a documentación a entregar pódese consultar na páxina web do Consejo.



Sesión formativa

O próximo 11 de marzo celebrarase no salón de actos do COPG unha sesión formativa sobre a «Avaliación do deterioro cognitivo en condutores», co obxectivo de seguir reforzando o desempeño profesional na discriminación das alteracións cognitivas fundamentais para realizar entre outras tarefas, a de conducir, tema que socialmente se nos está demandando con máis apremio cada día. Contarase coa participación de Manuel del Amo Camacho, neuropsicólogo, con ampla experiencia profesional na psicología en Centro de Recoñecemento.

GRUPO DE
TRÁFICO E
SEGURIDADE


Conversión da Área en División

Na última reunión do ano da área en celebrada en Madrid o pasado 12 de novembro, deixaron as achegas a presentar no próximo Congreso Nacional de xullo 2017 en Oviedo. Para a ocasión, o Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG expoñerá a nosa experiencia na intervención con penados relacionados cos delitos de tráfico. Así mesmo, informar que será tamén neste Congreso onde se procederá a presentación oficial da División de Tráfico e da Seguridade a nivel Estatal para posteriormente no segundo semestre do ano en curso continuar co proceso de inscrición de Colexiados/as na División e posteriormente abordar o proceso de elección á Xunta Directiva da mesma.

Animamos a todas e todos os membros do Grupo de Tráfico a que procedan a anotarse na División en canto recibamos a indicación de apertura do prazo, para posteriormente poder exercer o dereito ao voto ademais de representarnos maioritariamente como Grupo a nivel estatal.

Programas e proxecto de investigación

En canto aos programas con penados relacionados co tráfico, debido aos novos cambios introducidos nos formatos por parte de Institucións Penitenciarias esixen a interdependencia entre os dous formatos (Xornada de Concienciación e Psicovial) para que teña unha continuación e por tanto maior efectividade. Neste momento



Programa Psicovial

levouse a cabo a primeira parte da Xornada de Concienciación cun grupo de doce asistentes que agora pasaron a programa largo (Psicovial) que rematará en xuño.

Por outra parte, en canto se reciba confirmación da disposición de espazos darán comezo outros dous programas de Xornadas de Concienciación tanto en Santiago como en Ferrol.

Finalmente comunícase que se continua co proxecto de investigación: «Contraste de probas de screening na conducción con maiores», recollendo datos desde os centros de recoñecemento dos membros do grupo colaboradores.

Ao respecto, segue aberta a posibilidade de colaboración dos e das colexiadas do Grupo de Tráfico e Seguridade interesadas; só é preciso a comunicación de dito interese no enderezo do Grupo grupotrafico@cop.es indicando: «Investigación condutores maiores» e lugar de recollida.

Igualmente admítense suxestións e ou propostas dirixidas ao Grupo de Tráfico a través desta conta de correo electrónica.

Enlace ao apartado do Grupo de Tráfico e Seguridade da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/trafico-e-seguridad>

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Novos membros

Desde a apertura do grupo o pasado verán, 18 novos membros forman parte do GIPCE-COPG. Para darlles a benvida, explicarlles o funcionamento interno e solucionar dúbidas, celebrouse unha xornada informativa o 21 de xaneiro desenvolvida por Ana Isabel Martínez, coordinadora do Grupo e Ana M^a Núñez Rubines, membro da Comisión Coordinadora do GIPCE-COPG.

Formación e Convenio para 2017

Durante este ano continuará, en **colaboración ca AGASP**, o desenvolvemento de actividades formativas, así dentro da formación externa solicitaronnos novas propostas formativas para Protección Civil e tamén se enviaron propostas desde o colectivo de bombeiros.

No tocante á proposta de formación que se fixo á **Consellería de Educación**, Olegaria Mosqueda Bueno ofrecerá unha formación de tres horas no IES Félix Muriel de Rianxo sobre «Intervención en Situacións críticas en centros educativos».

Respecto ao programa formativo interno, o pasado día 11 de febreiro celebrouse unha nova xornada do «Repensando as intervencións de 2016», asemade está previsto para os novos membros e para todos os e as profesionais da psicoloxía colexiados o «Curso Básico en intervención Psicolóxica en Castástrofes e Emerxencias», que terá lugar os días 17, 18, 24 e 25 de marzo, e que será impartido polas compañeiras Aurora Rozadilla Arias e Concepción López Martín.

Por outra banda, o día 8 de febreiro levou a cabo unha reunión de seguimento de convenio. De cara ao novo **convenio para este 2017**, e tras moitos anos de traballo de todo o grupo, por fin **temos unha boa nova**, xa que este ano dispoñemos dun orzamento de máis do dobre do que dispoñíamos ata agora.



Xornada «Repensando as intervencións de 2016»

Simulacro no aeroporto de Lavacolla

Con obxecto de preparar o novo simulacro que terá lugar o **día 22 de marzo** realizáronse dúas reunións preparatorias o día 17 de febreiro, unha para tratar a activación da sala de familiares, e outra de preparación xeral do simulacro. Por parte do GIPCE-COPG participou a coordinadora, Ana Isabel Martínez Arranz. No simulacro activárase o PLATERGA e o Plan de atención a vítimas e familiares dun accidente de aviación.

Para obter máis información:

Enlace ao apartado do Grupo de Intervención Psicolóxica en Castástrofes e Emerxencias (GIPCE):
<https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>



Actividade do GIPCE

**COMISIÓN PARA
A DEFENSA
DA PROFESIÓN
E PARA A
PREVENCIÓN
DO INTRUSISMO**



■ A Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia puxo en marcha no mes de febreiro o apartado «Stop Intrusismo COPG» na páxina web do Colexio, no cal calquera usuario ou usuaria que o desexe pode informar de casos de posible intrusismo profesional na nosa profesión. Podes consultar á páxina no enlace <https://copgalicia.gal/formulario/stop-intrusismo-copg-formulario-denuncia-intrusismo>

Baixo o lema «Stop Intrusismo COPG» queremos ofrecer a posibilidade de que no caso de que teñas coñecemento dalgún posible caso de intrusismo, xa sexa de carácter de profesionais non colexiados/as exercendo a profesión ata profesionais doutro ámbito exercendo a psicoloxía ou actividades propias da nosa profesión, contemos coa túa colaboración e nolo notifiques para que poidamos realizar as pesquisas e accións que sexan oportunas desde o Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo do COPG.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e desde a Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo pretendemos erradicar o intrusismo profesional na nosa profesión e poder ofrecer ás persoas usuaria do servizo a seguridade de ser atendidas por profesionais con titulación axeitada para garantirlles a mellor calidade.

■ Por outra parte, informamos de que o Grupo de Traballo entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia reuniuse novamente o pasado 5 de febreiro. Séguese traballando conxuntamente para abordar as temáticas do tratamento do sufrimento humano nos medios de comunicación desde os dous ámbitos profesionais coa finalidade da redacción dun documento conxunto para a súa posterior difusión.

Enlace ao apartado da Comisión de Intrusismo da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/comision-para-a-defensa-da-profesion-e-para-prevencion-do-intrusismo>

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

Por acordo tomado na última reunión da Comisión da Ética e Deontoloxía do COPG, celebrada o pasado 21 de xaneiro, a CED quere transmitir ao colectivo de colexiados e colexiadas, así como aos órganos de representación colexial, a súa decepción pola evidente falta de interese mostrada pola inmensa maioría dos profesionais da psicoloxía dada a súa resposta ante a convocatoria, ao longo dos meses de novembro e decembro pasados, do «Seminario Básico en Ética Profesional e Deontoloxía».

Esta acción de promoción dos comportamentos éticos no exercicio da profesión, recollida no artigo 47 dos estatutos do COPG, deseñouse pensando en achegar a iniciativa aos colexiados e facilitar así a súa asistencia. Con este fin pretendeuse dotala dun formato participativo e reflexivo, convocouse para ser levada a cabo nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela e en concepto de matrícula asignouse un custe simbólico de dez euros.


Lamentablemente, a ausencia do mínimo estipulado de dez asistentes motivou a que a organización dos seminarios se vise



Membros da Comisión de Ética e Deontoloxía



*Enlace ao apartado da
Comisión de Ética e
Deontoloxía da páxina web
do COPG: [https://copgali-
cia.gal/grupos-comisions/
comision-de-etica-e-
deontoloxia](https://copgali-
cia.gal/grupos-comisions/
comision-de-etica-e-
deontoloxia)*



LEMBRA
O CÓDIGO
DEONTOLÓXICO
PARA TI

obrigada a cancelar todos e cada un dos seminarios previstos, a excepción do convocado na cidade de Vigo ao cal asistiron un total de catorce colexiados e colexiadas.

A CED quere engadir ademais a súa sorpresa ante esta falta de resposta por parte dos colexiados e das colexiadas tendo en conta do exponencial aumento de denuncias deontolóxicas que se experimentaron nos últimos anos (multiplicando case por tres o número de expedientes entre os anos 2013 e 2016) co conseguinte esforzo en termos de traballo que se leva a cabo por parte desta Comisión, o que, como quedou patente con esta experiencia, non se corresponde co apreciable desinterese da inmensa maioría dos colexiados e das colexiadas da nosa comunidade.

Código Deontolóxico

Artigo 5

O exercicio da Psicoloxía ordénase a unha finalidade humana e social, que pode expresarse en obxectivos como: o benestar, a saúde, a calidade de vida, a plenitude do desenvolvemento das persoas e dos grupos, nos distintos ámbitos da vida individual e social. Xa que o/a psicólogo/a non é o único profesional que persegue estes obxectivos humanitarios e sociais, convén e necesítase nalgúns casos a colaboración interdisciplinaria con outros profesionais, sen prexuízo das competencias e saber de cada un deles.

Artigo 42

Cando a dita avaliación ou intervención a solicitou outra persoa –xuíces, profesionais do ensino, pais, empregadores, ou calquera outro solicitante diferente do suxeito avaliado–, este último ou os seus pais ou titores terán dereito a ser informados do feito da avaliación ou intervención e do destinatario do informe psicolóxico conseguinte. O suxeito dun Informe Psicolóxico ten dereito a coñecelo contido do mesmo, sempre que disto non se derive un grave prexuízo para o suxeito ou para o/a psicólogo/a, e aínda que a solicitude da súa realización a fixesen outras persoas.



III Congreso Nacional de Psicología

3 al 7 Julio 2017 • Oviedo • España

Psicología para una sociedad avanzada. Logros y retos

www.oviedo2017.es

“PSICOLOGÍA PARA UNA SOCIEDAD AVANZADA. LOGROS Y RETOS”

Un punto de encuentro para presentar e debatir
sobre os distintos ámbitos da profesión

www.oviedo2017.es

ÚLTIMOS COLEXIADOS E COLEXIADAS DE GALICIA

G-05624	Otero Dios	María Del Carmen
G-05625	Rodríguez Álvarez	Paula
G-05626	López Allegue	Teresa
G-05627	Martínez Bugallo	María Jose
G-05628	Fariñas Iglesias	Borja
G-05629	Cacheiro Peña	Iriana
G-05630	Fuertes Saavedra	Antonio
G-05631	Rodríguez Villar	Patricia
G-05632	Díaz Suárez	Fátima
G-05633	Moreira Saporiti	Camila
G-05634	Vidal Fungueiriño	Iris
G-05635	Cuba Rabade	María
G-05636	Rodríguez Demanuel	Natacha
G-05637	González Cabanach	Ramón
G-05638	Ferradáns Rodríguez	Laura
G-05639	González Romero	Pablo
G-05640	Capelán Seoane	Gertrudis
G-05641	Suárez Iglesias	Claudia
G-05642	López Moreno	Thais

OS CAMIÑOS DA PSICOLOXÍA

Recordando os ámbitos de actuación e as referencias dos contidos das intervencións no III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia, celebrado en Santiago de Compostela no ano 2016



- A Psicoloxía e Saúde
- A Psicoloxía Educativa
- A Psicoloxía da Intervención Social
- A Psicoloxía do Traballo e das organizacións



- A Psicoloxía Xurídica
- A defensa da profesión e a prevención do intrusismo
- A Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias
- O Tráfico e a Seguridade

Enlace do Programa Científico:


<https://iiicongresodepsicologia.copgalicia.gal/programa>

Enlace da Circular nº 260:

[file:///C:/Users/tere/Downloads/circular_260%20\(2\).pdf](file:///C:/Users/tere/Downloads/circular_260%20(2).pdf)

Xa somos
2864 colexiadas
e colexiados

G-05646	Guijarro Alcañiz	Eduardo
G-05647	Estupiñán Morales	Sara
G-05648	Buj López	Laura
G-05649	Arias Velasco	Miriam
G-05650	Iriarte Villalón	Pablo
G-05651	Rey Durán	María
G-05652	País González	Ana
G-05653	Velasco Pereira	Patricia
G-05654	Redondo Elvira	Tamara
G-05655	Camazón Lourido	Laura
G-05656	Morán Fernández	Antonio
G-05657	Fernández Prol	Sandra
G-05658	Tomé Vázquez	Laura
G-05659	Fraga Rodríguez	Leticia
G-05660	Bóveda González	María Luisa
G-05661	Placer García-Rodeja	Martiño
G-05662	Dávila Fernández	Ana Saray
G-05663	Abalo Fraile	Araceli
G-05664	Varela López	Natalia



Colexio Oficial de
Psicología de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal


HORARIO

Do 1 de outubro ao 31 de maio
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,
e os venres de 9.00 a 15.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicología de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionales
de Psicólogos